

Alectoris rufa (Linnaeus, 1758)

	perdiz común
	perdiz roja
	eper gorria
	perdiu roja
	red-legged partridge. French partridge
	perdiz-vermelha, perdiz-comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 400-500 g

Longitude 33-38 cm

Envergadura 50-60 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Galliformes	Phasianidae	<i>Alectoris</i>

ALIMENTACIÓN

Cereais, follas, herbas, froitos silvestres e pequenos invertebrados.

COMPORTAMENTO

Son animais diúrnos, que viven en bandadas familiares territoriais de entre 16-25 individuos, agás pola época de celo e cría que viven en parellas. Nestas bandadas, a proporción entre machos e femias adoita ser equitativa.

REPRODUCCIÓN

O período de celo dáse entre xaneiro e abril. As femias poñen 7-18 ovos en maio-xuño que incuban durante 23-24 días. Poden poñer dúas postas en niños distintos, unha sería incubada pola femia e outra polo macho. A cría, chamada perdigón ou perdigoto, é coidada por ambos pais, seguindo á nai a todas partes e deixando o niño axiña. Voa ás 2 semanas, e acada a madurez sexual aos poucos meses.

HÁBITAT

Partes baixas dos montes, pradarías, terreos pedregosos e zonas de cultivo.

DISTRIBUCIÓN

Península Ibérica, sur de Francia, noroeste de Italia, illas Baleares, Córsega e Elba. Introducida en Inglaterra, Gales, no oeste da illa de Man, Gran Canaria, Madeira e nas illas Azores.

CURIOSIDADES

Nas bandadas os individuos divídense as tarefas, e mentres uns están de caza outros vixían o territorio e alertan da aparición de predadores.

A subespecie presente no campus é *Alectoris rufa hispanica* (Seoane, 1894), propia do norte e oeste da península Ibérica.